

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

10370 *Corrección de erros do Real decreto 240/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o Estatuto do persoal do Centro Nacional de Intelixencia.*

Advertidos erros no Real decreto 240/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o Estatuto do persoal do Centro Nacional de Intelixencia, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 89, do 13 de abril de 2013, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 3, quinta liña, onde di: «... por este ministerio...», debe dicir: «... polo Ministerio de Defensa...». Na mesma páxina, sétima liña, onde di: «... Real decreto 436/2002, do 6 de maio,...», debe dicir: «... Real decreto 436/2002, do 10 de maio,...».

Na páxina 29, artigo 46.9, décima e décimo primeira liñas, onde di: «... no prazo dun mes antes da data...», debe dicir: «... no prazo dun mes a partir da data...».

Na páxina 37, artigo 69.1.f), cuarta, quinta e sexta liñas, onde di: «... Este dereito poderá ser exercido indistintamente por un ou outro dos proxenitores, no caso de que ambos traballen.», debe dicir: «... Este dereito só poderá ser exercido por un ou outro dos proxenitores, no caso de que ambos traballen.».